

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 1 DE DECEMBRO DE 2016.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP)

Concelleiros:

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro (PP)

D^a Ana María Abad López (PP)

D. Marco López López (BNG)

D. José Manuel López Hermida (BNG)

D. Carlos Fernández Louzao (BNG)

D. Manuel Angel Meitín Rouco (PP)

D^a M^a Rosario Balseiro López (PP)

D. José Manuel Balseiro Canoura (PP)

D^a.M^a Luísa Pernas Quelle (BNG)

AUSENTES

D^a Cristina Iglesias Guerreiro (PP)

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Intervención:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día un de decembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia da Alcalde-Presidente D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria e urxente, convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DO ASUNTO INCLUÍDO NA ORDE DO DÍA.

Coa autorización da presidencia, por Secretaría dáse lectura ó decreto de convocatoria no que se reflicte a xustificación da urxencia do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

Enterado, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aos efectos do disposto no Art. 79 do R.D. 2568/1986 de 28 de novembro; aprecia-la urxencia do asunto incluído na orde do día da sesión.

2º.- LICITACIÓN DA “PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NO CONCELLO DE XOVE; SERV: 02/16). PROPOSTA DA MESA DE CONTRATACIÓN. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Pleno Corporativo da Acta da Mesa de Contratación da Licitación de referencia, celebrada con data 30 de novembro de 2016 que a seguir se transcribe integramente:

No salón de comisións da Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 14'00 horas do día 30 de novembro de 2016; consonte ó disposto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (en adiante PCAP) que rexerán no Procedemento Aberto, convocado para a contratación da PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE XOVE SERV:02/16 aprobado polo Pleno Corporativo en sesión de data 16 de xuño de 2016, reúnese a Mesa de Contratación presidida polo Alcalde Presidente do Concello de Xove D. José Demetrio Salgueiro Rapa consonte ó disposto na Cláusula 17, integrada por:

- *Dona Ana de la Barrera Vila, Traballadora Social do Concello y responsable do contrato.*
 - *D. Xosé Manuel López Hermida Concelleiro do G.M. do Bloque Nacionalista Galego.*
 - *Dna. María Dolores Meitín Guerreiro, Segunda Tenente de Alcaldía.*
 - *Dona Elena Santos Rey (Interventora Municipal.*
 - *D. Luis María Fernández del Olmo (Secretario Municipal), e por*
- D. Pablo Sánchez Lage, a quen como Secretario corresponde a fé pública do presente acto.*

A seguir procédese á apertura do sobre presentado en tempo e forma polo licitador COIDADOS S.L. coa documentación requirida por acordo do Pleno Corporativo de data 21 de novembro de 2016.

A seguir polo Secretario dáse conta á Mesa da documentación presentada en tempo e forma polo licitador COIDAOS S.L., cumprimentando o requirimento de presentación da documentación reflectida na Cláusula 26 do Prego.

Examinada a documentación aportada;

O Mesa por unanimidade dos seus membros acorda considerar suficiente e axeitada a documentación presentada e na súa consecuencia e ó abeiro do disposto na Cláusula 27 do Prego

1º.- Ratificar e propoñer ao Pleno Corporativo a adxudicación do contrato á mercantil COIDADOS S.L. no prezo ofertado de :

- Prezo hora ordinaria: 12´95 € + 0´52 € de IVE : 13´47 €.
- Prezo hora festiva: 14´00 € + 0´56 € de IVE: 14´56 € ; e coas melloras incluídas na súa oferta, tanto no sobre C como no Programa de Traballo.

2º.- Notificar telematicamente a todo os licitadores e individualizadamente ao licitador COIDADOS S. L. a presente acta sinalando expresamente que contra os acordos adoptados poderase presentar con carácter potestativo recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais ou recurso contencioso – administrativo de conformidade coa lei reguladora de dita xurisdición.

Non habendo máis asuntos que tratar pola Presidencia dáse por rematado o acto sendo as 14´30 horas da data citada no encabezamento, extendendose por min, Secretario, a presente Acta, que da fé de todo o tratado co visto e praxe da Presidencia.

Aberto o debate, polo concelleiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. López Hermida dáse lectura ó escrito de explicación de voto que a seguir se transcribe na súa integridade:

SOBRE A ABSTENCIÓN DO BNG NA ADXUDICACIÓN DO SAF. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Antes de comezar a explicación dos motivos que pretenden xustificar o noso sentido do voto cara á abstención, quixeramos deixar clarificados unha serie de puntos que poden evitar interpretacións capciosas e mesmo diálogos inútiles posteriores a estas verbas:

-En primeiro lugar, queremos ser contundentes na advertencia de que non existe ningunha valoración pexorativa de índole persoal ou laboral sobre a empresa adxudicataria que xustifique a nosa abstención. Antes ben, e como temos manifestado de xeito informal, estamos satisfeitos co feito de estar esta empresa radicada no noso Concello e mesmo podemos valorar como positivo o feito de que exista unha continuidade no servizo.

-En segundo lugar, tamén afirmamos que non dubidamos da legalidade do proceso nin das bases do concurso.

-En terceiro e último lugar, unha parte importante do que aquí se exporá non afecta ao grupo de goberno, senón que é unha crítica aceda á inocencia candorosa coa que nos temos comportado desde o BNG neste proceso.

Exposición de motivos:

1. A primeira das empresas excluíuse por temeridade no prezo da hora extra. As explicacións argumentativas da empresa non foron aceptadas e contestadas por un informe técnico. Desde o BNG xa nos abstivemos cando foi de votar esta decisión argumentando que non posuíamos a formación legal necesaria para valorar nen a posición da empresa nen a do Concello. A día de hoxe seguimos opinando que ambas as dúas formas serían dous enfoques válidos do problema. Aínda así, o Concello optaba por pagar máis polo mesmo servizo, cousa que comezou a deixarnos perplexos.

2. A nosa torpeza foi infinita á hora de interpretar as bases do concurso. Optamos por dar por bon todo o que se nos puxo diante e as poucas dúbidas que puideramos ter ficaron atenuadas contando con que a redacción era (case) algo alleo ao Concello, imposto desde instancias superiores e condicionado pola legalidade en vigor en materia de contratos.

3. É precisamente nestas bases onde cremos que se actuou de maneira premeditada á hora de pedir a ISO 158301/2007 ou ISO 158301/2015. Non falamos tanto do feito de solicitala, cousa lóxica, como do feito de incluír as verbas “ou equivalente”. Era ese equivalente o que garantía o feito de que as bases non puideran ser impugnadas por ningunha das empresas como xa tén sucedido noutros casos. Logo puídemos ver como o equivalente se traducía cun rigor que o deixaba invalidado de por si.

4. Chegamos deste xeito a dúas paradoxas sorprendentes:

1) O SAF adxudicase á cuarta oferta económica con claro prexuízo para o Concello pois a distancia do prezo por hora entre esta e a primeira das empresas é abismal.

2) Descubrimos que as bases que se deron como algo obvio, case incontestable e imposto pola lexislación vixente, son capaces de excluír de por si a empresas que prestan o SAF en varios concellos de Galiza.

Conclusións:

1. O BNG prefire descoñecer a día de hoxe a quen corresponde a responsabilidade última da redacción das bases e en que medida todo isto foi premeditado ou unha simple coincidencia.

2. Na actualidade existen dous grupos representados no pleno do Concello, gustaríanos que a política discurrise polo enfrontamento entre estes dous grupos estritamente.

3. Desde a nosa opinión os criterios humanitarios, de bonhomía, etc non deberían ser incluídos na redacción de ningunha base de ningún concurso público.

4. Por último, e movéndonos no ámbito do puramente desexable, entendemos que a distancia no prezo por hora que existe entre a empresa adxudicataria e as outras tres rexeitadas se debería trasladar dalgún xeito na mellora das condicións laborais das traballadoras.

Por todo o anterior, optamos pola abstención como forma de visibilizar as nosas “dúbidas razoables” sobre o proceso de contratación do SAF básico no Concello de Xove.

Polo Sr. Alcalde-Presidente manifestase que ante a postura do Grupo Municipal do BNG, é necesario facer as seguintes puntualizacións:

1º).- Resulta incomprendible a postura do BNG que a última hora presenta un escrito, sembrando dúbidas sobre a legalidade do procedemento de licitación de referencia con veladas acusacións de favoritismo e amosando a súa *perplexidade* polo acordos adoptados na tramitación do expediente.

Manifesto que resulta incomprensible dita actitude, tendo en conta que o BNG, dende un primeiro momento na sesión plenaria de data 16 de xuño de 2016 ata a sesión actual, votou favorablemente xunto co Grupo de Goberno, non só á aprobación do prego de condicións administrativas particulares (PCAP) e o prego de prescricións técnicas (PPT) reguladores da licitación do contrato do S.A.F. , senón que ademais en sucesivas sesións plenarias votou a favor das propostas plantexadas pola Mesa de Contratación (compre lembrar que o BNG tiña un representante en dita Mesa) en virtude das cales foron excluídos do procedemento tres licitadores, un por non xustificar axeitadamente a baixa temeraria da súa oferta e outros dous por non cumprir cos requisitos de solvencia esixidos polo PCAP.

As apelacións á “*inocencia candorosa*” e a “ *torpeza infinita*” dos membros do BNG como xustificantes da súa anterior postura respecto da tramitación do expediente non merecen nin ser contestadas.

Tampouco merece a pena debatir a contradición do BNG quen tras afirmar “ *que non dubidan da legalidade do proceso.....* ” a continuación se lanza a descalificar totalmente con acusacións de presuntas actitudes cuasidelictivas (favoritismo, discriminación, perxurios económicos para o erario público, etc..) a tramitación do expediente.

2º.- Se o anterior resulta incomprensible o que xa resulta inaceptable é que o BNG poña en dúbida a honradez e a profesionalidade dos técnicos municipais que participaron tanto na redacción do PCAP e do PPT como no asesoramento tanto da Mesa de Contratación como do Pleno Corporativo.

Neste sentido considero necesario facer público o recoñecemento desta Alcaldía ó labor impecable e rigoroso realizado polos funcionarios municipais na tramitación de este expediente que ten unha complexidade técnica e legal enorme.

Polo concelleiro do G.M. do BNG Sr. López López contestase que quere que conste expresamente na acta da sesión o rexeitamento das acusacións do Alcalde engadindo que o G.M. do BNG tamén recoñece, valora positivamente e apoia o labor de tódolos funcionarios municipais sinalando que no seu escrito o BNG non personaliza a ninguén nin, reitera, acusa a ninguén de ilegalidade ningunha só pon de manifesto desde un punto de vista estritamente político as dúbidas razoables suscitadas na tramitación do expediente.

Polo Sr. Alcalde contestase que resulta difícil saber que entende o BNG por “ personalizar “ xa que ao seu escrito so lle falla poñer nomes e apelidos e tamén resulta difícil entender a distinción que o BNG manexa entre o que considera crítica estritamente política e veladas acusacións de ilegalidades absolutamente inxustas e gratuítas.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que nin tan sequera as críticas “ *estritamente políticas*” das que fala o BNG son de recibo toda vez que o equipo de goberno desde o principio actuou coa máxima transparencia - entre outras cousas máis alo do estrito cumprimento da normativa legal de aplicación ofreceu ao BNG, e este aceptou, a designación dun membro de dito grupo para formar parte da Mesa de Contratación – e fundamentalmente porque todas as decisións do grupo de goberno- tanto na Mesa de Contratación como no Pleno- ao igual cas dos membros do BNG; ata a presente sesión; axustaronse de xeito riguroso e estrito aos informes e valoracións emitidos e elaboradas polos técnicos municipais.

Rematado o debate o Concello Pleno cos votos favorables dos Srs./Sras. Salgueiro Rapa, Abad López, Meitín Guerreiro, Balseiro Canoura, Meitín Rouco e Balseiro López e coa abstención dos Srs. Sras. López López, López Hermida, Fernández Louzao e Pernas Quelle, acorda:

PRIMEIRO.- A adxudicación do contrato PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE XOVE SERV:02/16 á mercantil COIDADOS S.L. con CIF B27354844 no prezo ofertado de :

- Prezo hora ordinaria: 12'95 €+ 0'52 €de IVE : 13'47 €
- Prezo hora festiva: 14'00 €+ 0'56 €de IVE: 14'56 € ; e coas melloras incluídas na súa oferta, tanto no sobre C como no Programa de Traballo.

SEGUNDO.- Notificar telematicamente o presente acordo a todos os licitadores e individualizadamente ao adxudicatario con requirimento expreso a este último da presentación da documentación reflectida na Cláusula 31 do PCAP como requisito previo á formalización do correspondente contrato sinalando que o importe da garantía definitiva é de 110.300'00 € e os gastos dos anuncios de licitación, tanto no BOP como no BOE, lle serán notificados con posterioridade.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as once horas da ta citada no encabezamento, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que eu como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa.

Asdo.: Luís María Fernández del Olmo

